O Grupo de Traballo de Historia de España, da Comisión Organizadora da PAU informa:

Na proba de Historia de España realizada o martes día 2, da convocatoria ordinaria, incluíuse unha pregunta de carácter comparativo sobre *socialismo e anarquismo*. Trátase de conceptos básicos en relación a ideoloxías e movementos políticos iniciados no século XIX para poder entender o contexto político do momento. Porén, eses contidos só aparecen especificamente reflectidos nas instrucións do blog do grupo de traballo a un único tema do bloque III, relacionado con aspectos socioeconómicos, o que xerou confusión e malestar entre profesorado e alumnado. A comparativa tiña un propósito exclusivamente ideolóxico, aspecto central dese tipo de preguntas, polo que se consideraba axeitada para que o alumnado soubera resolvela sen dificultade. En todo caso, asúmese plenamente esta incidencia e se revisarán as instrucións do blog para o vindeiro curso.

Para garantir a equidade do proceso avaliador:

- A pregunta será **corrixida aplicando criterios flexibles**, valorando o coñecemento do alumnado sobre ambos movementos, independentemente de que a resposta adopte un formato comparativo estrito.
- Ningún estudante será prexudicado pola formulación da pregunta.

Agradecemos ao profesorado a súa comprensión e lamentamos as molestias ocasionadas. Reforzaremos os procedementos de revisión para evitar que unha situación similar poida repetirse.

Agradecemos especialmente ao profesorado o seu compromiso, a súa atención ao proceso e a súa colaboración constante na mellora da proba.